

**DOCUMENTO DE TRABAJO  
PARA O CONSELLO DE PRESBITERIO**

**A RENOVACIÓN PASTORAL**

**Vigo, 28 de decembro de 2017**

## ALGUNHAS CUESTIÓNS DE MÉTODO

O Consello de Presbiterio ven ofrecendo unha serie de documentos de traballo para o seu estudo nos arceprestados e grupos. Hoxe presentamos un material para a reflexión e o diálogo centrado na “Renovación pastoral”, tema que se abordará nun Consello Presbiteral próximo.

O proceso metodolóxico sobre a temática que nos ocupa debe distinguir tres momentos: *pensar, dialogar, propoñer*. O rigor no método fará que o noso traballo sexa máis reflexivo, participativo e propositivo.

*Primeiro: pensar*

Corremos o risco de que a urxencia por ofrecer solucións inmediatas nos prive da riqueza da reflexión pausada. A importancia e alcance do tema require que dediquemos un tempo para ler o documento de traballo e para pensar, non só nos fenómenos senón tamén nas súas causas, non só nas solucións prácticas senón tamén nas transformacións que esas solucións nos esixen, tanto a nivel persoal como comunitario.

*Segundo: dialogar*

O ámbito natural deste traballo é o arceprestado ou grupo que ten representación no Consello Presbiteral. Polo tanto o diálogo nese ámbito é tan preceptivo como necesario. O intercambio de opinións e pareceres vai modulando a propia percepción, enriquecéndoa con novos aportes e, en definitiva, facilita chegar a puntos de encontro e consenso.

*Terceiro: propoñer*

A “Renovación pastoral” reclama accións concretas que fagan visible a transformación que se quere promover. O traballo de grupo debería rematar con propostas, tan sequera, sobre algún dos puntos que se someten a estudo.

Graciñas a todos polo voso tempo e interese.

## INTRODUCCIÓN

*Tampouco se lle ocorre a ninguén botar viño novo en pelellos vellos, porque rebentarían os pelellos, iríase o viño e estragaríanse os pelellos; Pola contra, bótase o viño novo en pelellos novos para que ámbolos dous se conserven. (Mt 9,17)*

Estase xestando unha nova realidade, de tal xeito que algúns autores falan non dunha época de cambio senón dun cambio de época. Este tempo novo precisa que a Igrexa asuma unha nova mentalidade e ofrezca novas estruturas e novos modelos. Precisamos renovarnos para seguir sendo fieis ao mandato do Señor.

Consciente desta necesidade a Igrexa ven propoñendo, desde o Concilio Vaticano II, un “aggiornamento”. Desde entón tense escrito e falado moito sobre a “reforma eclesial”, a “renovación pastoral” ou o “cambio estrutural”. Teólogos, bispos e o mesmo Papa, teñen abordado a cuestión da “renovación pastoral” desde distintas perspectivas.

Dúas razóns están no fondo desta reflexión.

A primeira é de carácter reactivo. A constante perda de fieis, produto da secularización, e a escaseza vocacional, fan que a Igrexa promova un cambio que renove a atención pastoral ás comunidades.

A segunda é de carácter activo. Urxida polo mandato misionero a Igrexa propónse un cambio de paradigma pastoral, que faga máis eficaz e comprensible para o mundo de hoxe a Palabra salvífica de Deus.

Na nosa Diocese xa temos abordado algúns aspectos desta temática. No Sínodo Diocesano hai constitucións centradas na renovación pastoral da parroquia, nas unidades pastorais ou na participación do laicado. Recentemente o Consello de Presbiterio estudou, entre outros, temas como: as Unidades Pastorais, a reorganización parroquial, a reestruturación dos límites arciprestais, a formación permanente do clero ou a pastoral vocacional.

Hoxe achegámonos á “renovación pastoral” desde a perspectiva que nos ofrece a exhortación *Evangelii gaudium*.

## **A RENOVACIÓN PASTORAL**

A actual situación eclesial e social leva a propoñer unha decidida renovación pastoral. Pero se non queremos reducir esta a un asunto cartográfico (revisión de límites) ou burocrático (redistribución de clero), convén comprendela e interpretala na súa totalidade. Se perdemos de vista a referencia de conxunto é probable que non atinemos nin coa diagnose nin coa solución.

### **Que é a renovación pastoral?**

Renovarse pastoralmente é volver ao encontro renovador con Cristo, que nos contaxia a alegría de crer e nos impulsa a unha decidida opción misioneira,

*capaz de transformarlo todo, para que las costumbres, los estilos, los horarios, el lenguaje y toda estructura eclesial se convierta en un cauce adecuado para la evangelización del mundo actual más que para la autopreservación.*<sup>1</sup>

Transformar a acción pastoral é, polo tanto, retornar ás orixes do encontro salvífico con Xesús.

*Él siempre puede, con su novedad, renovar nuestra vida y nuestra comunidad [...] Cada vez que intentamos volver a la fuente y recuperar la frescura original del Evangelio, brotan nuevos caminos, métodos creativos, otras formas de expresión, signos más elocuentes, palabras cargadas de renovado significado para el mundo actual.*<sup>2</sup>

A Igrexa non mira cara atrás como un exercicio de nostalxia polo pasado, senón como un acto de futuro que se asenta na firmeza da mensaxe evanxélica e na fidelidade ao mandato do Señor.

*El Concilio Vaticano II presentó la conversión eclesial como la apertura a una permanente reforma de sí por fidelidad a Jesucristo: «Toda la renovación de la Iglesia consiste esencialmente en el aumento de la fidelidad a su vocación [...] Cristo llama a la Iglesia peregrinante hacia una perenne reforma, de la que la Iglesia misma, en cuanto institución humana y terrena, tiene siempre necesidad».*<sup>3</sup>

### **A quen afecta a renovación pastoral?**

A todos, ás estruturas e ás persoas. Así o sinalan os bispos de Galicia:

---

<sup>1</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 2013, nº 7. De agora en diante EG.

<sup>2</sup> EG, 11.

<sup>3</sup> EG, 26.

*É necesaria unha reforma das estruturas eclesiásticas que esixe, sen dúbida, unha actitude de conversión persoal de todos os que constituímos este Pobo de Deus, de maneira especial os bispos, os presbíteros e os demais axentes de pastoral. Sen este proceso de conversión é case imposible pasar dunha pastoral ordinaria de autopreservación ou mantemento, a unha máis misioneira que hoxe, polas circunstancias nas que se atopa a fe do noso pobo, é absolutamente necesaria.<sup>4</sup>*

A Igrexa promove a reforma das estruturas pastorais para ser máis fiel ao mandato misioneiro do Señor, para ampliar a súa capacidade de transmitir con eficacia a Boa Nova.

*La reforma de estructuras que exige la conversión pastoral sólo puede entenderse en este sentido: procurar que todas ellas se vuelvan más misioneras, que la pastoral ordinaria en todas sus instancias sea más expansiva y abierta, que coloque a los agentes pastorales en constante actitud de salida y favorezca así la respuesta positiva de todos aquellos a quienes Jesús convoca a su amistad.<sup>5</sup>*

É toda a Igrexa a que está chamada a poñerse en estado de reforma. En *Evangelii gaudium* o Papa insiste en que todos deben revisar a súa capacidade evanxelizadora, desde a máis humilde parroquia ata o propio papado.

No ámbito da nosa Diocese, ademais das parroquias, haberá que pensar en como facer que outros lugares, entidades e ámbitos de presenza, resulten verdadeiramente evanxelizadores. Por exemplo: colexios, residencias da terceira idade, hospitais, tanatorios, servizos de curia, comunidades relixiosas, movementos, grupos, delegacións, asociacións cristiás, confrarías, etc.

Finalmente compre sinalar que o cambio de estruturas debe ir acompañado dun proceso persoal de cambio, porque

*las buenas estructuras sirven cuando hay una vida que las anima, las sostiene y las juzga. Sin vida nueva y auténtico espíritu evangélico, sin «fidelidad de la Iglesia a la propia vocación», cualquier estructura nueva se corrompe en poco tiempo.<sup>6</sup>*

Pero ademais a realización persoal de cada un de nós, coma cristiáns e coma sacerdotes, pasa por entregarnos con convicción á tarefa evanxelizadora.

---

<sup>4</sup> BISPOS DA PROVINCIA ECLESIASTICA DE SANTIAGO, *Carta pastoral sobre algúns aspectos actuais da vida de comunión nas nosas igrexas particulares*, 2017, p. 26.

<sup>5</sup> EG, 27.

<sup>6</sup> EG, 26. Tamén cando fala da dimensión social da evanxelización di: *Un cambio en las estructuras sin generar nuevas convicciones y actitudes dará lugar a que esas mismas estructuras tarde o temprano se vuelvan corruptas, pesadas e ineficaces.* (EG, 189).

O Papa advirte que se non sentimos verdadeiro desexo de anunciar a Xesucristo:

*necesitamos detenernos en oración para pedirle a Él que vuelva a cautivarnos. Nos hace falta clamar cada día, pedir su gracia para que nos abra el corazón frío y sacuda nuestra vida tibia y superficial [...] Urge recobrar un espíritu contemplativo, que nos permita redescubrir cada día que somos depositarios de un bien que humaniza, que ayuda a llevar una vida nueva. No hay nada mejor para transmitir a los demás.<sup>7</sup>*

### **Cando debe empezar a renovación pastoral?**

A tarefa é inaprazable. Por iso o Papa:

- Urxe a poñer xa en marcha a reforma pastoral que nace da renovación do encontro con Cristo.

*Invito a cada cristiano, en cualquier lugar y situación en que se encuentre, a renovar ahora mismo su encuentro personal con Jesucristo o, al menos, a tomar la decisión de dejarse encontrar por Él, de intentarlo cada día sin descanso.<sup>8</sup>*

- Impulsa a Igrexa a saír de si mesma para anunciar a Boa Nova, e a facelo hoxe mesmo.

*Fiel al modelo del Maestro, es vital que hoy la Iglesia salga a anunciar el Evangelio a todos, en todos los lugares, en todas las ocasiones, sin demoras, sin asco y sin miedo.<sup>9</sup>*

---

<sup>7</sup> EG, 264.

<sup>8</sup> EG, 3.

<sup>9</sup> EG, 23.

## ALGÚNS PROBLEMAS A AFRONTAR

Este segundo apartado céntrase nalgúnhas problemáticas concretas que poden afectar á nosa Diocese de maneira particular. Sen querer ser exhaustivo con datos socio-relixiosos que todos coñecemos, e para evitar a tentación do “exceso de diagnóstico”,<sup>10</sup> apúntanse catro fenómenos que debuxan, cada un deles, a súa propia problemática.

### a) O descenso demográfico e o despoboamento do rural

Todo occidente está a vivir un “inverno demográfico”. En Galicia este fenómeno xa é preocupante. É certo que a nosa Diocese está situada nunha das zonas con maior índice de poboación; aínda así todos percibimos o despoboamento de aldeas e parroquias, e tamén o envellecemento da poboación nas vilas e na cidade.

Esta realidade lévanos a repensar a propia parroquia. O bispo de Ourense, onde esta problemática está máis viva, preguntábase:

*¿Pódese considerar unha parroquia viva aquela na que falta a comunidade ou é incapaz de ser unha expresión de fe comunitaria? ¿Pódese seguir sostendo unha parroquia só porque hai un fermoso e antigo templo en torno ao cal se sepultaron os seus veciños e seguen facéndoo, aínda que vivan lonxe dese lugar? ¿Estamos obrigados a manter a estrutura parroquial tal como a herdamos dos nosos maiores?<sup>11</sup>*

E el mesmo respondía dicindo:

*Convén precisar que na nosa tarefa pastoral non podemos deixarnos levar da eficacia sociolóxica, é dicir, centrada só nas estatísticas. Non é isto o que queremos afirmar. O que se plantexa é o seguinte: Se a parroquia é e supón a presenza dunha comunidade viva, constituída de xeito estable ¿poden ser consideradas parroquias aquelas agrupacións de catro, seis ou doce persoas que debido a unha serie de circunstancias non abandonaron aínda a aldea ou esa vila? Está claro que a Igrexa non pode deixar de atender a esas persoas aínda que sexan moi poucas e sexan anciáns ou se atopen enfermas. Alí atópase o rostro pobre de Deus e nese lugar debe estar presente o rostro da nai Igrexa. Do que se trata é de descubrir como se pode levar a cabo esa presenza. Estas circunstancias, que son novas, están a demandarnos un estilo diferente de respostas pastorais.<sup>12</sup>*

---

<sup>10</sup> Cf. EG, 50.

<sup>11</sup> LEMOS MONTANET, J. L., *Ourense en misión*, 2015, p. 29.

<sup>12</sup> LEMOS MONTANET, J. L., *Ourense en misión*, 2015, p. 29.

Ao longo da historia, a Igrexa respondeu á expansión da fe coa creación de parroquias. Hoxe haberá que buscar novas respostas, novas presenza, novos modos de atención pastoral.

### PARA A REFLEXIÓN, O DIÁLOGO E A PROPOSTA

Fronte ao descenso demográfico, o despoboamento do rural e o envellecemento da poboación, necesitamos unha nova forma de atención pastoral das parroquias e comunidades.

Partindo da nosa realidade, que afecta ao mundo rural pero tamén ás vilas e á propia cidade de Vigo:

- Que deberiamos facer?  
A pregunta é pertinente e as respostas poden ser variadas: supresión de parroquias, fusión de parroquias, elaboración dun mapa de Unidades Pastorais, promoción de Equipos de Atención Pastoral...
- Que criterios deberiamos establecer?  
Criterios demográficos (número de habitantes) ou territoriais (número de parroquias).  
Criterios sociolóxicos (estrutura en torno ás cabeceiras de comarca) ou eclesiolóxicos (en función da importancia dos lugares de culto).

Sen excluír ningunha opción, a posta e marchas das Unidades Pastorais parece unha acción factible. Outras dioceses galegas están na mesma liña e en Tui-Vigo temos algunhas experiencias. Xa o Sínodo Diocesano propuña:

*Crear Unidades de Acción Pastoral, estables e dinámicas, entre parroquias próximas, no marco dunha pastoral de conxunto.*<sup>13</sup>

- Que cambios teriamos que promover para poñer en marcha as Unidades Pastorais?

## **b) A secularización e a perda de relevancia social da Igrexa**

En relativamente poucos anos o proceso de secularización penetrou nas nosas vidas e está debuxando un novo modelo social; de tal modo que o fenómeno relixioso xa non configura á sociedade: nin nas súas estruturas, nin nos seus tempos (calendario), nin nos seus fundamentos morais. Así a Igrexa deixa de ter a visibilidade e a significatividade que tivo noutras épocas.<sup>14</sup>

---

<sup>13</sup> DIOCESE TUI-VIGO, XVI Sínodo Diocesano 2002-2006, Constitución 105.

<sup>14</sup> Cf. EG, 73.



Tamén no ámbito persoal vemos como descende o número de practicantes e a recepción dos sacramentos. Xa non é raro atoparse nenos sen bautizar, cousa case impensable fai poucos anos.

Esta secularización, que se interpretou nun primeiro momento como un rexeitamento do relixioso, percíbese agora como un rexeitamento de Deus<sup>15</sup>. Deus parece innecesario para a persoa do século XXI.

Este escenario sitúanos ante o desafío da misión evanxelizadora. As comunidades eclesiais xa non se poden contentar con esperar a que a xente veña; xa non veñen. Hai que saír, ir ao encontro da persoa alí onde se atopa.

Así o sinala o Papa Francisco ao falar do impulso evanxelizador da igrexa particular:

*Su alegría de comunicar a Jesucristo se expresa tanto en su preocupación por anunciarlo en otros lugares más necesitados como en una salida constante hacia las periferias de su propio territorio o hacia los nuevos ámbitos socioculturales. Procura estar siempre allí donde hace más falta la luz y la vida del Resucitado. En orden a que este impulso misionero sea cada vez más intenso, generoso y fecundo, exhorto también a cada Iglesia particular a entrar en un proceso decidido de discernimiento, purificación y reforma.*<sup>16</sup>

### PARA A REFLEXIÓN, O DIÁLOGO E A PROPOSTA

Fronte á secularización e a perda de relevancia social da Igrexa, necesitamos unha pastoral de diálogo, escoita e proposta.

Desde o Concilio Vaticano II a Igrexa buscou espazos sociais nos que facerse presente: organismos internacionais, mundo da cultura, das artes e das ciencias, institucións de carácter económico ou político...

O Sínodo Diocesano chamaba a:

*Manter unha permanente reflexión -intelectual e pastoral- sobre a realidade eclesial, social, cultural e política; e discernir cal é a resposta que, dende o Evanxeo, ha de ofrecer a Igrexa a esa situación concreta.*<sup>17</sup>

A nosa igrexa diocesana, as nosas parroquias e comunidades, as nosas asociacións ou congregacións:<sup>18</sup>

---

<sup>15</sup> Cf. MARTÍN VELASCO, J., *Desafíos a la misión en Evangelii gaudium*, en: SEGOVIA, J. L. – ÁVILA, A. - MARTÍN VELASCO, J. – PAGOLA, J. A., *Evangelii gaudium y los desafíos pastorales para la Iglesia*, PPC, Madrid, 2014, p. 114.

<sup>16</sup> EG, 30.

<sup>17</sup> DIOCESE TUI-VIGO, *XVI Sínodo Diocesano 2002-2006*, Constitución 100.

- Que tipo de presenza teñen no medio das institucións culturais ou sociais da contorna?
- Como estamos presentes en ámbitos educativos ou sanitarios?
- Temos algunha presenza especial no mundo xuvenil?
- Que implicación temos nos ámbitos da caridade, da promoción social, da solidariedade ou do desenvolvemento?

Os colexios, hospitais e tanatorios son, coas súas luces e sombras, tres lugares prioritarios de “misión” que deberíamos coidar:

- Como mellorar a nosa presenza evanxelizadora neses ámbitos?

### **c) O envellecemento do clero e a falta de relevo xeracional**

Resulta evidente que cada vez somos menos sacerdotes e con máis idade. A corto e medio prazo non se intúe que esta dinámica vaia cambiar. A falta de vocacións ao ministerio sacerdotal impide o natural relevo xeracional.

Esta situación ponnos diante dun reto: non poderemos prestar a mesma atención pastoral nin da mesma maneira que ata agora. Así o afirmaba Santiago Bohiges, director do Secretariado da Comisión Episcopal do Clero da CEE:

*Ahora, ciertamente, hay un mayor envejecimiento del clero en España y hay diócesis a las que en cinco o diez años les será difícil atender las necesidades del Pueblo de Dios, según la estructura actual.*<sup>19</sup>

Ademais, ao non haber pastores que animen as comunidades, estas caen na apatía, mingua a esperanza e perden alegría. Acaban sendo comunidades sen atractivo e polo tanto vocacionalmente estériles.

*En muchos lugares escasean las vocaciones al sacerdocio y a la vida consagrada. Frecuentemente esto se debe a la ausencia en las comunidades de un fervor apostólico contagioso, lo cual no entusiasma ni suscita atractivo.*<sup>20</sup>

O problema de escaseza vocacional tamén se manifesta entre os fieis laicos; non percibimos un relevo xeracional entre os voluntarios e colaboradores, e cada vez resulta máis difícil atopar persoas que, desde a súa fe, se comprometan activamente na vida da comunidade e nas realidades sociais.

---

<sup>18</sup> Estas cuestións inspíranse nas Constitucións Sinodais 113, 126, 14 e 35.

<sup>19</sup> LORENZO, J., *Entrevista a Santiago Bohiges*, Vida Nueva, nº 2.936 (10/04/2015), p. 23.

<sup>20</sup> EG, 107.

## PARA A REFLEXIÓN, O DIÁLOGO E A PROPOSTA

Fronte ao envellecemento do clero e a falta de relevo xeracional necesitamos:

### A) Impulsar a pastoral vocacional

No 2016 o Consello de Presbiterio tratou o tema vocacional. Desde entón puxéronse en marcha diversas iniciativas (Centro de Orientación Vocacional e Encontros de Sacerdotes) que convén ter presentes e animar coa nosa participación. Aínda así debemos preguntarnos:

- Podemos promover algún tipo de iniciativa vocacional nas nosas parroquias, arciprestados ou grupos?

### B) Redistribuír aos sacerdotes

Non é un tema doado xa que hai condicionantes persoais a valorar, pero:

- Poderíamos propoñer unha distribución máis funcional do clero?
- Con que criterios?
- Como harmonizar as necesidades pastorais coa dispoñibilidade persoal?

### C) Incorporar ao laicado ás responsabilidades e tarefas comunitarias.

Por outra banda está o tema da corresponsabilidade dos segrares. O Sínodo Diocesano alentaba a:

*Potenciar eficazmente a participación corresponsable dos leigos na misión da Igrexa, de maneira que tomen parte activa tamén en órganos de decisión e de goberno.*<sup>21</sup>

Neste punto convén preguntarse:

- Fomentamos a incorporación dos segrares nas comunidades?
- Contamos con Consello de pastoral ou Consello económico?
- Formamos laicos que poidan asumir responsabilidades eclesiais?

Unha opción moi concreta, e na que xa se está traballando, é a formación de lectores e acólitos. Tal vez xa chegou a hora de pensar nunha formación estable para persoas que poidan presidir as Asembleas Dominicais en Ausencia de Presbítero (ADAPs).

- Como poñela en marcha?

---

<sup>21</sup> DIOCESE TUI-VIGO, XVI Sínodo Diocesano 2002-2006, Constitución 79.

#### **d) As tentacións do axente pastoral e a falta de impulso misionero**

Os cristiáns vivimos no medio do mundo, e nada do mundo nos é alleo; nin as súas grandezas nin as súas miserias.

*Como hijos de esta época, todos nos vemos afectados de algún modo por la cultura globalizada actual que, sin dejar de mostrarnos valores y nuevas posibilidades, también puede limitarnos, condicionarnos e incluso enfermarnos.*<sup>22</sup>

Moitos pensadores veñen insistindo na idea de que a secularización está tamén presente na mentalidade daqueles que nos chamamos católicos, que formamos parte da Igrexa e que incluso temos responsabilidades dentro dela.

*Viene proponiéndose en los últimos años que la Iglesia se encuentra incapaz de evangelizar porque ella misma no está evangelizada; porque ella misma está afectada por la indiferencia ambiental y la crisis de Dios.*<sup>23</sup>

Na *Evangelii gaudium* o Papa Francisco sinala, con moita lucidez, unha serie de tentacións dos axentes de pastoral: a preocupación exacerbada polos espazos de autonomía persoal; a falta de identidade clara e definida; o relativismo práctico que leva a actuar como se Deus non existira ou como se os pobres non tiveran lugar no noso mundo; a busca de seguridades humanas asentadas nos bens materiais ou no prestixio persoal; a acedía pastoral que nace da falta de entusiasmo e provoca cansazo e insatisfacción; o pesimismo estéril e conciencia de derrota que se manifesta nun rotundo: “non se pode facer nada”; o illamento que nos pecha aos outros, á comunidade e a Deus; a mundanidade espiritual que busca a gloria persoal e non a de Deus; as divisións internas que rachan a comunión e deixan ferido o amor fraterno que debe caracterizar á comunidade cristiá.<sup>24</sup>

Todas estas tentacións escurecen o testemuño de fe, lastran o impulso misionero e restan frescura e autenticidade ao anuncio evanxélico. Estas tentacións están en nós, sacerdotes, pero tamén nos catequistas, nos voluntarios de Cáritas ou dos equipos litúrxicos, nos compoñentes dos consellos comunitarios; en definitiva, en todos os axentes de pastoral.

---

<sup>22</sup> EG, 77.

<sup>23</sup> MARTÍN VELASCO, J., *Desafíos a la misión en Evangelii gaudium*, en: SEGOVIA, J. L. – ÁVILA, A. - MARTÍN VELASCO, J. – PAGOLA, J. A., *Evangelii gaudium y los desafíos pastorales para la Iglesia*, PPC, Madrid, 2014, p. 114.

<sup>24</sup> Cf. EG, 78-101.

## PARA A REFLEXIÓN, O DIÁLOGO E A PROPOSTA

Os Bispos de Galicia publicaron no ano 2017 unha carta pastoral alertando sobre algunhas actitudes contrarias ao sentido eclesial; actitudes sostidas tanto polas comunidades como, e iso é máis preocupante, polos mesmos sacerdotes.

Fronte ás tentacións do axente pastoral, en especial dos sacerdotes, debemos estar abertos á chamada que se nos fai a unha continua conversión persoal. Neste sentido cobra unha particular importancia a formación permanente. Sobre esta cuestión tense reflexionado en profundidade no Consello de Presbiterio, e o noso Sínodo Diocesano invitaba a:

*Coidar a formación permanente do clero no ámbito humano, espiritual e teolóxico e promover a súa renovada capacitación pastoral.*<sup>25</sup>

Neste sentido cabe preguntarse:

- En que medida temos asumidas actitudes como servizo, dispoñibilidade, obediencia, entrega?
- Como fomentar a fraternidade sacerdotal que se visibiliza na participación arciprestal e diocesana?
- Que potenciar para ter unha vivencia máis gozosa do noso ministerio?

---

<sup>25</sup> DIOCESE TUI-VIGO, XVI Sínodo Diocesano 2002-2006, Constitución 28.

## A MODO DE CONCLUSIÓN ESPERANZADA

O Concilio Vaticano II foi un sopro do Espírito para unha Igrexa que quería abrir as súas portas ao mundo. Ao seu alento promovéronse moitas e moi importantes iniciativas, pensemos nos Sínodos de Bispos ou nas Conferencias Episcopais. Entre nós tiveron fonda pegada o Concilio Pastoral de Galicia e o noso Sínodo Diocesano.

Todas estas iniciativas eclesiais foron xerando unha conciencia de Igrexa renovada, que se concretou nas nosas comunidades en novas formas de acción, participación e presenza. Por sinalar algunhas:

- A ampla participación dos segrares na vida das parroquias: en consellos parroquiais, en actividades de voluntariado, no ámbito da catequese, nos equipos de liturxia, na responsabilidade económica... fannos ver unha Igrexa que se presenta como Pobo de Deus, como comunión na diversidade de funcións e vocacións.
- A importancia dada á educación na fe: a universalización dos procesos catequéticos, a posta en marcha de ofertas formativas para sacerdotes e laicos, o coidado da homilía, a importancia dos estudos bíblicos e do achegamento da Palabra de Deus aos fieis... móstranos unha Igrexa preocupada polo anuncio da Boa Nova.
- O impulso dado á dimensión caritativa e social: o fomento das Cáritas parroquiais e interparroquiais, a preocupación pola promoción social, a apertura á solidariedade cos países desenvolvidos, a presenza de grupos de pastoral da saúde... mostran unha Igrexa que reconece nos máis pobres e necesitados ao mesmo Cristo.
- Os cambios operados na mesma concepción do sacerdocio, entendido como un servizo á comunidade eclesial, fomentando a fraternidade dos sacerdotes entre si, establecendo unha relación de cordialidade cos bispos, asumindo todos unha maior corresponsabilidade nas decisións diocesanas, a creación de equipos sacerdotais nos que tamén se integran os segrares... mostran unha Igrexa que é comunión viva.
- A presenza da Igrexa no mundo: unha presenza que non impón senón que propón, aberta ao diálogo respectuoso coas institucións e organismos que conforman a sociedade, que está disposta á colaboración con todos para o ben de todos... mostra unha Igrexa encarnada e inculturizada na súa realidade.

Iluminados por esta realidade deberíamos preguntarnos:

- Como seguir potenciando estes dinamismos positivos que constrúen Igrexa?
- Como implicar a máis persoas nesta dinámica evanxelizadora?
- Que outros campos ou ámbitos habería que ter en consideración?

Os bispos de Galicia invítannos a camiñar unidos en todo este proceso de renovación:

*Sen dúbida, déronse xa moitos cambios na nosa vida parroquial e diocesana, na forma de participación de todos os fieis, e nos modos e as circunstancias de exercicio do ministerio sacerdotal. E será necesario dar máis pasos, seguindo os procesos de reflexión e renovación iniciados nas nosas Dioceses. É unha tarefa na que habemos de camiñar todos unidos, presididos polos nosos pastores; porque está en xogo a forma de vida das nosas comunidades parroquiais e, por tanto, da nosa fe.<sup>26</sup>*

Remata este documento de traballo cun recoñecemento agradecido á entrega xenerosa de tantos sacerdotes, de tantos consagrados e consagradas, e dos e das segres comprometidos. Eles, nós, somos a maior riqueza coa que conta a nosa Igrexa.

A tarefa non será doado porque nunca o foi, pero é tan ilusionante como sempre o foi.

---

<sup>26</sup> BISPOS DA PROVINCIA ECLESIASTICA DE SANTIAGO, *Carta pastoral sobre algúns aspectos actuais da vida de comunión nas nosas igrexas particulares*, 2017, p. 26-27.

## ORACIÓN

Virgen y Madre María,  
tú que, movida por el Espíritu,  
acogiste al Verbo de la vida  
en la profundidad de tu humilde fe,  
totalmente entregada al Eterno,  
ayúdanos a decir nuestro «sí»  
ante la urgencia, más imperiosa que nunca,  
de hacer resonar la Buena Noticia de Jesús.

Tú, llena de la presencia de Cristo,  
llevaste la alegría a Juan el Bautista,  
haciéndolo exultar en el seno de su madre.  
Tú, estremecida de gozo,  
cantaste las maravillas del Señor.  
Tú, que estuviste plantada ante la cruz  
con una fe inquebrantable  
y recibiste el alegre consuelo de la resurrección,  
recogiste a los discípulos en la espera del Espíritu  
para que naciera la Iglesia evangelizadora.

Consíguenos ahora un nuevo ardor de resucitados  
para llevar a todos el Evangelio de la vida  
que vence a la muerte.  
Danos la santa audacia de buscar nuevos caminos  
para que llegue a todos  
el don de la belleza que no se apaga.

Tú, Virgen de la escucha y la contemplación,  
madre del amor, esposa de las bodas eternas,  
intercede por la Iglesia, de la cual eres el icono purísimo,  
para que ella nunca se encierre ni se detenga  
en su pasión por instaurar el Reino.

Estrella de la nueva evangelización,  
ayúdanos a resplandecer en el testimonio de la comunión,  
del servicio, de la fe ardiente y generosa,  
de la justicia y el amor a los pobres,  
para que la alegría del Evangelio  
llegue hasta los confines de la tierra  
y ninguna periferia se prive de su luz.

Madre del Evangelio viviente,  
manantial de alegría para los pequeños,  
ruega por nosotros.  
Amén. Aleluya.